



NOTA DE PRENSA | 28 de novembro do 2017

A Universidade de Oxford acolle o ciclo de proxeccións ‘O cinema galego hoxe’

- **A primeira xornada, dedicada á animación, será este venres un de decembro e nela proxectarase *O Apóstolo* no Shulman Auditorium do Queen’s College**
- **O ciclo proseguirá con outras catro sesións gratuítas, unha por mes, ata abril**
- **A actividade está organizada por The John Rutherford Centre for Galician Studies coa colaboración do Galician Film Forum**

A Universidade de Oxford acollerá entre decembro e abril o ciclo ‘O cinema galego hoxe’, unha proposta para achegar ata a cidade universitaria un panorama xeral do audiovisual galego actual. A actividade está organizada por The John Rutherford Centre for Galician Studies coa colaboración do Galician Film Forum e conta co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e da Universidade de Oxford.

O ciclo comezará o vindeiro venres un de decembro cunha xornada centrada na animación na que se proxectará ‘O Apóstolo’ de Fernando Cortizo no Shulman Auditorium do Queen’s College [18:00 h., High Street, Oxford, OX1 4AW]. Todas as proxeccións serán en versión orixinal e terán subtítulos en inglés. Ademais, serán gratuítas, se ben será preciso retirar previamente a entrada vía web. No caso do Apóstolo, a entrada xa está dispoñible nesta [ligazón](#).

O ciclo continuará en xaneiro cun serán de ficción e a película *Os fenómenos* de Alfonso Zarauza. En febreiro será a quenda das novas narrativas e vaise poder ver o título *Costa da morte* de Lois Patiño. A xornada de marzo vaise dedicar a curtametraxes e a de abril estará centrada no xénero documental e levará ata Oxford *Os días afogados* de César Souto e Luis Avilés.

A xornada de animación

Que o ciclo ‘O cinema galego hoxe’ se inaugure cunha película como *O Apóstolo* non é casual xa que unha peculiaridade da produción galega de comezos dos anos 2000 foi o desenvolvemento da industria da animación. Neste contexto forxouse *O Apóstolo*, un ambicioso proxecto de Artefacto Producións que supuxo cinco anos de traballo e que se

materializou na primeira película de animación *stop motion* de Europa realizada mediante produción estereoscópica.

Para facela realidade precisouse da implicación de máis de douscentos profesionais do mundo da animación e do modelado 3D. Ademais, outra das súas peculiaridades radica no novo sistema de rodaxe empregado, xa que os actores protagonistas non só lles cederon a súa voz aos personaxes da historia, senón que interpretaron previamente as escenas para inspirar cos seus movementos e expresións reais aos animadores.

Este traballo viuse recompensado con galardóns como o Premio do público no festival de ANNECY 2013, o Primeiro Premio do Festival Expotoons de Buenos Aires ou o Grand Prix do Festival Cinehorizontes de Marsella. Outros recoñecementos foron o Premio Especial do Xurado en Fantasporto, o Premio á Mellor Banda Sonora ou o Premio do Público na Mostra de Lisboa, entre outros.

The John Rutherford Centre for Galician Studies

O Centro de Estudos Galegos John Rutherford da Universidade de Oxford –un dos Centros da rede de lectorados da Secretaría Xeral de Política Lingüística- está situado no Queen's College e depende organicamente da Faculty of Medieval and Modern Languages. Fundado en 1991 baixo a dirección do Dr. John Rutherford, foi a primeira institución universitaria en ofertar estudos galegos fóra do Estado Español e, na actualidade, é un dos tres existentes nas Illas Británicas, xunto co de Bangor en Gales e o de Cork, na Irlanda. Alén da docencia e investigación en Lingua, Literatura e Cultura a Galegas, o CEG desenvolve anualmente un variado programa de actividades académicas culturais en cuxo marco se insere este ciclo de cinema.

Galician Film Forum

O GFF naceu no 2015 no seo dun grupo de galegos emigrados a Londres co obxectivo de crear un espazo para a difusión do cinema galego na capital británica. A súa actividade artículase en tres eixes: como plataforma de exhibición, como observatorio da nova diáspora creativa audiovisual no Reino Unido, e como espazo de reflexión sobre o cinema e a cultura galega en termos universais.

- **Entradas 'O Apóstolo':** <https://www.eventbrite.co.uk/e/galician-film-series-in-oxford-o-apostolo-the-apostle-tickets-39577906584>
- **Tráiler 'O Apóstolo':** <https://www.youtube.com/watch?v=FjLoVVZsmak>
- **Web The John Rutherford Centre for Galician Studies:** <http://www.mod-langs.ox.ac.uk/galician>



CONTACTO DE PRENSA

Laura Blanco de la Barrera

Correo electrónico: laura.blancodelabarrera@mod-langs.ox.ac.uk

Teléfono: (+44) 01865 0279159

Web: <http://www.mod-langs.ox.ac.uk/galician>

Facebook: www.facebook.com/Galegoenoxford
